

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

*RESOLUCIÓN do 16 de maio de 2018, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas de emerxencia social e para a realización de viaxes por razóns de interese social, asistencial ou humanitario, e se procede á súa convocatoria para o ano 2018 (código de procedemento PR935A).*

Segundo o establecido no artigo 4 do Decreto 76/2017, do 28 de xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, a Secretaría Xeral da Emigración é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia a que lle corresponden as competencias en materia de desenvolvemento da Lei 7/2013, do 13 de xuño, da galegitude, as relacións coas comunidades galegas no exterior, as políticas de emigración e retorno en Galicia e a representación e participación nos órganos e foros relacionados con elas que lle encomende a persoa titular da Presidencia da Xunta de Galicia.

Así mesmo, a disposición adicional segunda do devandito decreto desconcentra na persoa titular da Secretaría Xeral da Emigración a competencia para a aprobación das bases, a convocatoria e a resolución das axudas e subvencións do seu respectivo ámbito de competencia.

O Estatuto da cidadanía española no exterior, aprobado mediante a Lei 40/2006, do 14 de decembro, que se configura como o marco xurídico que garante ás persoas residentes no exterior o exercicio dos seus dereitos e deberes constitucionais, establece no seu artigo 5 a asistencia e protección por parte da Administración xeral do Estado e as comunidades autónomas, no marco das súas respectivas competencias, daquelas persoas residentes no exterior que se encontren en situación de necesidade.

Para a realización de todas estas funcións, a Secretaría Xeral da Emigración conta con distintas liñas de axudas e subvencións baseadas nos principios de publicidade e concorrencia, segundo os criterios establecidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, con cargo aos fondos públicos.

Porén, ao longo destes anos, a Secretaría Xeral da Emigración detectou a existencia de situacións de grave necesidade, sobrevidas a persoas sen recursos económicos, orixina-



das por desastres naturais ou de carácter sanitario, social ou asistencial, que non poden ser atendidas a través de ningún outro recurso, polo que deben ser obxecto dunha convocatoria específica de axudas que se adapte ás súas peculiaridades, co fin de evitar ou paliar situacións de exclusión social.

As peticións prodúcense ao longo de todo o ano, sen concentrarse en datas concretas, e as causas destas (motivos asistenciais, de precariedade económica, humanitarios, etc.) están dentro do ámbito de actuación que, por atribucións competenciais, corresponden á Secretaría Xeral da Emigración.

As circunstancias de temporalidade e a especificidade dos supostos concretos que se formulan, así como a diferente situación persoal e familiar das persoas solicitantes e dos países en que viven, impiden a comparanza e prelación entre as solicitudes presentadas para a súa resolución nun único procedemento, sendo aplicable a excepción prevista no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, coas garantías previstas no seu artigo 31.4. Así mesmo, ao teren estas axudas un carácter marcadamente social e humanitario, dirixidas a persoas sen recursos e que se conceden en atención a ter acreditado, previamente á súa concesión, tal situación, cómpre aplicar o disposto no artigo 28.9 da mencionada Lei 9/2007, do 13 de xuño, na fase de xustificación, sen prexuízo de poder establecer os controis necesarios para verificar o cumprimento das obrigas e a existencia de tal situación.

Na súa consecuencia, convén realizar unha convocatoria de axudas para atender estas situacións, que se tramitará na modalidade de concorrencia non competitiva, prevista no antedito artigo 19.2, de modo que as solicitudes de subvención irán sendo atendidas na medida en que se vaian presentando, sen comparación con outras solicitudes, ata o esgotamento do crédito dispoñible, establecendo uns requisitos e criterios básicos en que se fundamenten as resolucións sobre as peticións que se reciban, de tal xeito que garanten a súa obxectividade e non se creen expectativas que non poidan ser satisfeitas por razón da propia índole da convocatoria, das situacións a que se pretende dar cobertura e das propias limitacións dos créditos a ela destinados.

En virtude do exposto, no exercicio das competencias atribuídas no Decreto 76/2017, do 28 de xullo, e de conformidade co disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da referida Lei 9/2007, nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, na Lei 39/2015,



de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e demais normativa de aplicación,

**RESOLVO:****Artigo 1. *Obxecto***

1. Esta resolución ten por obxecto aprobar as bases polas que se rexerá a concesión de axudas dirixidas a persoas emigrantes de nacionalidade española e de orixe galega residentes no exterior, que carezan dos recursos económicos necesarios para atender situacións sobrevidas de carácter extraordinario de emerxencia social, sanitaria ou asistencial, que precisen dunha actuación urxente, para evitar ou paliar situacións de necesidade ou exclusión social, así como as que teñan por obxecto sufragar os custos das viaxes que teñan que realizar, por razóns destas características, as persoas que poidan ter a condición de beneficiarias, ao cumpriren os requisitos establecidos nos artigos 3 e 4 e cuxa atención corresponda ao ámbito de competencias propias deste centro directivo.

2. Así mesmo, é obxecto desta resolución proceder á convocatoria das devanditas axudas para o ano 2018, procedemento PR935A.

**Artigo 2. *Natureza, réxime das axudas e compatibilidade***

1. Estas axudas teñen carácter persoal, intransferible e non orixinan ningún dereito subxectivo para as persoas beneficiarias.

Cando a axuda teña por obxecto sufragar gastos de viaxe, poderá ser considerada unha axuda en especie, e corresponderá á Secretaría Xeral da Emigración a súa xestión.

Neste caso, de conformidade co artigo 3.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, considerarase como cantidade recibida que haberá que reintegrar un importe equivalente ao prezo de adquisición do ben, dereito ou servizo. En todo caso, será exixible o xuro de demora correspondente conforme o disposto no artigo 34 da Lei de subvencións de Galicia.

2. Tendo en conta o obxecto e a finalidade destas axudas, o procedemento de concesión tramitarase en réxime de concorrencia non competitiva, de acordo co establecido no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ata o esgotamento do crédito orzamentario da convocatoria, sempre que se cumpran as garantías previstas no artigo 31.4 desta lei.



A concesión destas axudas estará condicionada á existencia de crédito orzamentario e, no caso de esgotamento do crédito, a Secretaría Xeral da Emigración publicará no *Diario Oficial de Galicia* a indicada circunstancia, o que comportará a inadmisión das solicitudes posteriores, sen prexuízo de que se poida incrementar o crédito orzamentario nos supostos previstos no artigo 31.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O incremento de crédito queda condicionado á declaración de dispoñibilidade do crédito e, se for o caso, logo da aprobación da modificación orzamentaria que proceda.

A ampliación de crédito publicarase no DOG e non implicará apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio dun novo cómputo e prazo para resolver.

3. As axudas previstas nesta resolución serán incompatibles con calquera outra das reguladas pola Secretaría Xeral da Emigración ou organismos públicos para os mesmos conceptos.

#### Artigo 3. *Persoas beneficiarias*

Poderán ser persoas beneficiarias destas axudas as persoas emigrantes galegas e os/as seus/súas fillos/as, que posúan a condición de persoas galegas residentes no exterior, de acordo co establecido no parágrafo seguinte.

Para os efectos da presente convocatoria, terán a condición de persoas galegas residentes no exterior aquelas persoas emigrantes que nacesen en Galicia ou ben acrediten ter residido en Galicia de forma continuada durante dez anos, con nacionalidade española, así como tamén os/as seus/súas fillos/as que teñan nacionalidade española e que se encontren vinculados con calquera concello galego no Padrón de residentes no exterior (PERE) ou no Censo electoral de residentes no exterior (CERA).

Excepcionalmente, para o caso de que estas persoas teñan que realizar unha viaxe e non poidan valerse por si mesmas, tamén poderá ser beneficiaria unha persoa acompañante.

#### Artigo 4. *Requisitos das persoas beneficiarias*

a) Ter rendas ou ingresos insuficientes.

A insuficiencia de rendas ou ingresos deberá ser acreditada pola persoa solicitante da axuda. No caso de solicitar axudas de viaxe, tamén deberán acreditar as rendas ou ingre-



sos insuficientes a persoa acompañante, se é o caso, e os demais membros da familia que van acoller en Galicia a persoa que se despraza.

Considerarase que existen rendas ou ingresos insuficientes cando aqueles de que dispoña a persoa interesada ou se prevea que vai dispoñer en cómputo anual, sexan iguais ou inferiores a 1,2 veces a prestación económica por anciandade vixente, establecida polo Estado español para o país de residencia da persoa solicitante, nas contías determinadas para o ano desta convocatoria, computando todo tipo de rendas, mesmo as axudas públicas ou privadas.

Naqueles países para os cales o Estado español non teña fixadas as contías das prestacións económicas por anciandade, a referencia será o 80 % da contía da pensión non contributiva da Seguridade Social do Estado español por xubilación vixente no ano desta convocatoria.

Se a persoa solicitante carece de rendas ou ingresos suficientes pero convive con outra ou outras persoas nunha mesma unidade económica familiar, a contía anterior virá determinada pola suma do límite máximo de ingresos persoais (que virá dada, segundo o caso, pola prestación asistencial por anciandade ou pensión non contributiva) máis o resultado de multiplicar o 30 % da devandita cifra polo número de persoas que convivan ou do 70 % no caso de menores de 16 anos, menos unha.

Para estes efectos, considerarase unidade económica familiar a formada pola persoa solicitante da axuda, cónxuxe ou parella de feito, fillos/as e parentes por consanguinidade ou afinidade ata o segundo grao que convivan coa persoa solicitante. Igualmente, considerarase rendas ou ingresos computables os bens ou dereitos de que dispoña anualmente a persoa solicitante ou a súa unidade económica familiar, derivados tanto do traballo como do capital, así como calquera outro substitutivo daqueles.

En casos acreditados de graves situacións de catástrofes naturais, ou as derivadas de graves situación sociais, políticas ou económicas que poidan producirse no país de residencia, así como calquera outra causa que orixine unha situación repentina de desamparo ou emerxencia, a persoa titular da Secretaría Xeral da Emigración poderá, logo de resolución, modificar os niveis de rendas para poder ser persoa beneficiaria destas axudas.

b) Ter patrimonio insuficiente.

A carencia de patrimonio deberá ser acreditada polas mesmas persoas que no punto anterior.



Considerarase que existe patrimonio mobiliario suficiente cando existan bens mobles na unidade económica familiar cun valor superior ás contías previstas no punto anterior deste artigo en cómputo anual. Así mesmo, considerarase que existe patrimonio inmobiliario suficiente cando o valor patrimonial ou equivalente dos inmobles, na unidade económica familiar, agás a vivenda habitual, supere en 2,5 veces as contías previstas no punto anterior deste artigo en cómputo anual. Estes niveis de patrimonio poderán ser modificados nos mesmos casos e nos mesmos termos que o establecido no último parágrafo do punto anterior.

c) Acreditar razóns de carácter social, sanitario ou asistencial de situacións sobrevidas nun tempo próximo ao da solicitude, como máximo nos últimos doce meses, que pola súa gravidade requiran unha actuación urxente.

Para estes efectos, consideraranse razóns sociais, sanitarias ou asistenciais as seguintes:

– Atoparse no exterior en situacións de marxinación social ou de tal grao de dependencia, que a persoa non se poida valer por si mesma e non teña cuberta a necesidade de atención por ningún medio.

– Situacións derivadas da perda, inadecuación ou dotación básica da vivenda habitual ou familiar e carecer de medios para paliar esta situación.

– Situacións derivadas de problemas perentorios referidos á alimentación, vestido, educación e outros de natureza análoga non cubertos polos diferentes sistemas de protección.

– Situacións derivadas de problemas sanitarios graves cuxo tratamento non estea debidamente cuberto ou con respecto dos cales, para a axuda de viaxes, a súa atención no Estado español supoña unha vantaxe significativa. Nestes casos, a persoa solicitante da axuda deberá acreditar previamente que ten cuberta a correspondente prestación sanitaria.

– Situacións sobrevidas causadas por graves catástrofes naturais ou outras causas que provoquen a perda ou grave deterioración da vivenda habitual e do enxoval.

– Aqueloutras situacións de carácter social, asistencial ou humanitario que deriven na necesidade dunha intervención urxente.



**Artigo 5. Financiamento, contía das axudas e gastos subvencionables****1. Financiamento.**

Para a concesión destas subvencións destinarase un crédito de 73.000 € correspondente á aplicación orzamentaria 04.30.312C.480.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018.

Este importe poderá ser ampliado en función das maiores dispoñibilidades orzamentarias que se poidan producir na devandita aplicación á vista do número de solicitudes presentadas. Transcorrido o segundo cuadrimestre do ano sen ter sido tramitadas solicitudes para poder adxudicar o 50 % do crédito previsto neste artigo, este poderá reducirse ata unha porcentaxe similar á empregada ata esa data para poder atender outros fins, logo da correspondente resolución da persoa titular da Secretaría Xeral da Emigración, que será publicada no *Diario Oficial de Galicia*.

**2. Contía das axudas.**

Acreditadas as circunstancias excepcionais e urxentes que concorran en cada suposto que motive a solicitude, a súa contía será variable en función das causas expostas no artigo anterior e atendendo aos seguintes criterios de valoración:

a) No caso de atoparse no exterior en situacións de marxinação social asignaráselle una axuda económica única do 15 % do importe da PEA (prestación por razón de necesidade) correspondente ao país de residencia, incrementándose un 5 % en caso de que o grao de dependencia sexa tal que a persoa non se poida valer por si mesma ou así o acredite o informe social que acompaña a solicitude. Estas porcentaxes poderán ser adaptadas por resolución do secretario xeral da Emigración nos casos en que no país de residencia da persoa solicitante se produzan graves variacións no sistema económico e social.

b) Para as situacións derivadas da perda, inadecuación ou dotación básica da vivenda habitual ou familiar e carecer de medios para paliar esta situación, a axuda económica será do 50 % do orzamento presentado, cun máximo de 3.000 €, tal e como se indica neste artigo.

c) En situacións derivadas de problemas perentorios referidos á alimentación, vestido, educación e outros de natureza análoga, será de aplicación o criterio referido no suposto a).





d) En situacións derivadas de problemas sanitarios graves cuxo tratamento non estea debidamente cuberto no país de residencia, aplicarase o criterio indicado para o suposto b).

e) Para a axuda de viaxes, a axuda consistirá no custo da pasaxe, e está recollido na resolución de convocatoria que a contía máxima que se concederá será de 1.500 € por persoa beneficiaria.

En todo caso, a contía máxima da axuda concedida por persoa beneficiaria non poderá exceder 3.000 €, excepto para as axudas destinadas á realización de viaxes, que deberán realizarse na clase máis económica do medio de transporte que se utilice, nas cales a contía máxima que se conceda ou de custos que se satisfagan será de 1.500 € por persoa beneficiaria.

### 3. Gastos subvencionables.

Segundo o tipo de finalidade, serán subvencionables os seguintes gastos acreditados:

a) Os derivados das urxencias sociais e sanitarias recollidas no artigo 4.c).

b) De custos de viaxe: os necesarios para paliar os efectos das causas expostas anteriormente que precisen o traslado da persoa interesada a outro país que non sexa o de residencia habitual. Para estes efectos, entenderanse incluídos nestes custos os de emisión do billete, así como os correspondentes a taxas e impostos directamente relacionados coa emisión daquel. De ser o caso, tamén se entenderán incluídos os custos derivados da tramitación de permisos ou documentos oficiais que sexan requisito indispensable para efectuar a viaxe. As resolucións de concesión para a realización de viaxes, ditadas ao abeiro da correspondente resolución, implicarán que a Secretaría Xeral da Emigración poderá efectuar, de ser o caso, as xestións que sexan precisas para a emisión dos billetes e para a súa posta á disposición da persoa beneficiaria da axuda, quen, salvo manifestación expresa en contra, se entenderá que presta o seu consentimento para a realización de tales trámites.

### Artigo 6. *Forma e lugar de presentación das solicitudes*

1. As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>.





2. Opcionalmente, poderanse presentar as solicitudes presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

3. Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de Chave 365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

4. No caso de que a persoa solicitante estea incapacitada, a solicitude farase ao seu nome e será asinada polo seu representante legal. Neste caso, deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito.

#### Artigo 7. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo para a presentación de solicitudes estará aberto desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia* ata o 30 de novembro de 2018, ambos os dous inclusive.

#### Artigo 8. *Documentación complementaria necesaria para a tramitación do procedemento*

1. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude, segundo o modelo do anexo I, a seguinte documentación:

##### 1.1. Documentación acreditativa da identidade e nacionalidade española:

a) Documento identificativo da persoa solicitante que posúa a nacionalidade española, ben sexa pasaporte español ou outro documento de identidade en que consten os seus datos persoais e a nacionalidade española.

b) Certificado de inscrición no Rexistro de Matrícula Consular ou outro documento oficial xustificativo que acredite a residencia continuada no exterior no cal conste a dilixencia de inscrición no Rexistro de Matrícula Consular, agás en casos de imposibilidade de obtención.

##### 1.2. Documentación acreditativa da orixe galega.

A orixe galega xustificarse mediante calquera documento oficial que acredite un dos dous requisitos seguintes:



a) Nacer en Galicia ou que a última veciñanza administrativa en España fose en Galicia de forma continuada durante dez anos.

b) Ter vinculación con calquera concello galego no Censo electoral de residentes no exterior e ser descendente ata o primeiro grao de consanguinidade dunha das persoas descritas no parágrafo anterior.

A vinculación cun concello galego no Censo de residentes no exterior non se exixirá no caso de que a persoa solicitante estea incapacitada legalmente, sempre que esta incapacidade lle impida a inscrición no dito censo.

1.3. Documentación acreditativa da situación económica da persoa solicitante da axuda, así como da súa unidade económica familiar.

No caso de solicitar axuda de viaxe, se é o caso, deberá acreditarse a situación económica da persoa acompañante e a da súa unidade económica familiar, así como a da familia de acollemento en Galicia, se a houber.

a) Copia da última declaración da renda das persoas físicas ou declaración similar presentada.

No caso de que non exista obriga de presentar declaración da renda das persoas físicas ou declaración similar ou non estiveren obrigados a realizala, unha xustificación desta circunstancia e certificación ou xustificante acreditativo dos ingresos, rendas ou pensión de calquera natureza que se perciba.

b) Certificado catastral ou documentación similar en que conste o valor patrimonial dos bens inmobles, agás a vivenda habitual, de que dispoñan estas persoas.

De non existir no país de residencia a posibilidade de expedición do devandito certificado catastral, abondará con presentar unha declaración responsable en que conste o valor patrimonial dos bens mobles e inmobles de que dispoñan.

1.4. Documento acreditativo do estado de necesidade que fundamente a solicitude de axuda que inclúa un orzamento detallado dos gastos necesarios para paliar a dita situación, emitido por un organismo oficial ou por un organismo de ampla traxectoria no eido asistencial ou no eido sanitario. Así mesmo, consideraranse válidos os certificados emitidos por profesionais destes ámbitos visados polos correspondentes colexios oficiais.



1.5. Para a realización de prestacións sanitarias no territorio do Estado español, acreditación da súa cobertura pola Seguridade Social ou polo centro sanitario onde tal prestación se vaia realizar.

Para o caso de acollemento familiar ou asistencial en Galicia, acreditación por parte da familia de acollida de facerse cargo da persoa beneficiaria da axuda. Neste caso, o/a representante que actúa no nome da familia de acollida tamén deberá cubrir a correspondente solicitude segundo o modelo do anexo II e presentar a documentación que se especifica nos puntos 1.1, alínea a), e 1.3, alíneas a) e b).

1.6. Para o caso de necesitar da asistencia dunha persoa acompañante, deberán presentarse certificados expedidos por organismos oficiais que acrediten a necesidade de asistencia dunha terceira persoa durante a viaxe.

Neste caso, a persoa acompañante tamén deberá cubrir a correspondente solicitude segundo o modelo do anexo II e presentar a documentación acreditativa da súa identidade e nacionalidade, así como da súa situación económica e da súa unidade económica familiar.

1.7. Outra documentación xustificativa ou informes do estado de necesidade que fundamenten a solicitude de axuda, que completen e faciliten a gradación do estado de necesidade.

2. Non será necesario achegar os documentos que xa foron presentados anteriormente. Para estes efectos, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os citados documentos. Presumirase que esta consulta é autorizada polas persoas interesadas, salvo que conste no procedemento a súa oposición expresa.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirlle á persoa interesada a súa presentación, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

3. A documentación complementaria presentarse preferiblemente por vía electrónica. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá requirir de maneira motivada a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.



Opcionalmente, as persoas interesadas poderán presentar a documentación complementaria presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

4. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

5. A sede electrónica da Xunta de Galicia ten á disposición das persoas interesadas unha serie de modelos normalizados para facilitar a realización de trámites administrativos despois da presentación das solicitudes de inicio. Estes modelos presentaranse por medios electrónicos accedendo á carpeta do cidadán da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia. Cando as persoas interesadas non resulten obrigadas a presentación electrónica das solicitudes tamén poderán presentalos presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

6. A falsidade ou ocultación de datos na documentación presentada para a obtención da axuda comportará a exclusión do proceso de valoración e, polo tanto, a imposibilidade de ser persoa beneficiaria das axudas establecidas nesta resolución.

#### Artigo 9. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente o DNI da persoa solicitante, de ser o caso, así como os datos oficiais acreditativos de que a persoa solicitante se atopa vinculada con calquera concello galego no Censo electoral de residentes ausentes. Só no caso de oposición expresa no modelo de solicitude, as persoas interesadas deberán achegar os documentos acreditativos correspondentes.

2. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas que presenten os documentos correspondentes.

#### Artigo 10. *Natureza e compatibilidade das axudas*

1. As axudas teñen carácter persoal e intransferible. As axudas non orixinan ningún dereito subxectivo para as persoas beneficiarias e estarán, en todo caso, condicionadas ás dispoñibilidades orzamentarias do exercicio correspondente, previstas para esta finalidade.



No suposto de que, unha vez ditada a resolución de concesión das axudas, a persoa beneficiaria faleza, terán dereito á súa percepción as persoas que acrediten, de acordo coa normativa do país de residencia, a súa condición de herdeiras, antes do 31 de decembro do ano desta convocatoria.

2. Soamente se poderá conceder unha axuda por feito causante. Cada persoa solicitante só poderá pedir unha axuda por un único suposto. De presentarse máis dunha solicitude, entenderase como válida a presentada en primeiro lugar, segundo o asento de rexistro correspondente.

#### Artigo 11. *Procedemento de instrución e concesión*

1. O órgano instrutor será a Subdirección Xeral da Emigración e das Comunidades Gallegas. Os expedientes serán avaliados por un órgano colexiado, que emitirá o correspondente informe en que se concrete o resultado da avaliación. O dito órgano colexiado estará formado por tres persoas funcionarias da Secretaría Xeral da Emigración.

Se a comisión de avaliación así o estimar, poderá encargar informes socioambientais, que serán realizados por profesionais titulados, que comproben a veracidade dos datos achegados nas solicitudes e os resultados obtidos deberán ser tidos en conta na avaliación das correspondentes solicitudes.

2. Se a solicitude non está debidamente cuberta ou non se achega a documentación exigida, a Secretaría Xeral da Emigración requirirá a persoa solicitante para que, nun prazo máximo de dez días hábiles, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixer, se entenderá por desistida da súa petición, de conformidade co que se dispón no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, logo da resolución ditada nos termos previstos no artigo 21 da citada lei.

Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, poderá requirirse a persoa solicitante que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

3. Os expedientes que non cumpran as exigencias contidas nesta resolución, na normativa de aplicación ou que non conteñan a documentación necesaria, quedarán á disposición do órgano instrutor para que formule a proposta de resolución de non admisión, na cal se indicarán as causas desta.



**Artigo 12. Resolución e pagamento**

1. Unha vez concluída a tramitación do expediente, o órgano instrutor formulará a proposta de resolución, que se elevará á persoa titular da Secretaría Xeral da Emigración, quen, á vista da proposta, ditará a correspondente resolución que deberá estar debidamente motivada.

O prazo máximo para resolver será de dous meses contados desde o día seguinte ao da presentación da solicitude. Transcorrido este prazo sen que se ditén as resolucións expresas, as solicitudes poderán entenderse desestimadas, de acordo co establecido no artigo 23.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Non obstante, as actividades obxecto destas axudas deberán realizarse con anterioridade ao 31 de decembro de 2018.

2. A contía das axudas concedidas aboaráselles ás persoas beneficiarias nun pagamento único, unha vez notificada a resolución de concesión. Realizarase, salvo casos que así o aconsellen, mediante transferencia bancaria. A Administración non se fai responsable da imposibilidade de efectuar o pagamento por causas imputables ás persoas solicitantes.

No suposto de viaxes de persoas ou grupos familiares, nos cales a situación que determina a concesión de axuda aconselle que estas sexan consideradas como axudas en especie, serán por conta da Secretaría Xeral da Emigración os trámites e pagamentos para a expedición dos billetes e/ou taxas necesarios para a realización de tales viaxes sen que se poidan exceder no seu financiamento os límites previstos no artigo 5.2.

No suposto de que, unha vez ditada a resolución de concesión da axuda, a persoa beneficiaria faleza, poderá aboarse a axuda ás persoas que, de acordo coa normativa do país de residencia, acrediten a súa condición de herdeiras dentro do prazo de tres meses desde a data de notificación da resolución de concesión, sempre que o obxecto da axuda así o aconselle.

**Artigo 13. Notificación**

As resolucións seranlles notificadas ás persoas solicitantes e deberán ser sempre motivadas.

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse preferentemente por medios electrónicos e, en todo caso, cando as persoas interesadas resulten obrigadas



a recibilas por esta vía. As persoas interesadas que non estean obrigadas a recibir notificacións electrónicas poderán decidir e comunicar en calquera momento que as notificacións sucesivas se practiquen ou deixen de practicar por medios electrónicos.

2. As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. A persoa interesada deberá manifestar expresamente a modalidade escollida para a notificación (electrónica ou en papel). No caso de persoas interesadas obrigadas a recibir notificacións só por medios electrónicos deberán optar en todo caso pola notificación por medios electrónicos, sen que sexa válida nin produza efectos no procedemento unha opción diferente.

4. As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Cando a notificación por medios electrónicos sexa de carácter obrigatorio, ou fose expresamente elixida pola persoa interesada, entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non é posible por problemas técnicos, a Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

#### Artigo 14. *Aceptación e renuncia*

A renuncia á subvención poderase facer por calquera medio que permita a súa constancia, de acordo co establecido no artigo 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

No caso de que se comunicase a renuncia, o órgano competente para resolver ditará a correspondente resolución nos termos do artigo 21.1 da citada lei.

#### Artigo 15. *Obrigas das persoas beneficiarias*

Son obrigas das persoas beneficiarias, logo do aboamento da axuda correspondente:





a) Realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención e, en caso das axudas de viaxe, xustificar ante a Secretaría Xeral da Emigración telo realizado.

b) Someterse aos requisitos legais e regulamentarios que recolla a normativa xeral de aplicación ás axudas e subvencións da Xunta de Galicia, en concreto aos recollidos no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como ás actuacións de comprobación que respecto da xestión de fondos pode efectuar o departamento que as concede, ás de control financeiro que realice a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e aos procedementos fiscalizadores do Consello de Contas e do Tribunal de Contas.

c) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

d) Adoptar, de ser o caso, as medidas de difusión contidas no punto 3 do artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

e) As demais obrigas previstas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A Secretaría Xeral da Emigración poderá solicitar as aclaracións ou informes relativos á xustificación do investimento que considere adecuados.

#### Artigo 16. *Incumprimento, reintegros e sancións*

1. As persoas beneficiarias das axudas quedan obrigadas a comunicarlle á Secretaría Xeral da Emigración, no momento en que se produza, calquera alteración dos requisitos exixidos na convocatoria ou de circunstancias sobrevidas que impidan ou dificulten a execución das accións para as cales se solicitou a axuda, e a secretaria poderá adoptar a resolución de modificación da concesión ou de revogación que corresponda.

2. Procederá o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a exixencia dos xuros de demora debidos desde o momento en que se efectúe o pagamento nos casos sinalados no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. De acordo co artigo 14.1.n) da Lei 9/2007, os criterios de gradación dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade que se minorará ou reintegrará serán os seguintes:



– O incumprimento total dos fins para os cales se concede a subvención ou o da realización dos gastos subvencionables dará lugar á perda do dereito ao cobramento ou, de ser o caso, ao reintegro da totalidade da axuda concedida.

– Calquera outra inobservancia considerárase incumprimento parcial dos fins para os cales se concedeu a axuda da realización dos gastos subvencionables e dará lugar á perda do dereito ao cobramento ou, se é o caso, ao reintegro na porcentaxe correspondente ao investimento non efectuado.

3. Para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior, tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### Artigo 17. *Datos de carácter persoal*

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación desta resolución cuxo tratamento autoricen as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes serán incluídos nun ficheiro denominado Relacións administrativas coa cidadanía e entidades, co obxecto de xestionar o presente procedemento, así como para informar as persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento. O órgano responsable deste ficheiro é a Secretaría Xeral da Emigración. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a dita secretaría xeral, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Secretaría Xeral da Emigración, praza de Mazarelos, 15, 15703 Santiago de Compostela, A Coruña, ou a través dun correo electrónico a [emigracion@xunta.gal](mailto:emigracion@xunta.gal).

#### Artigo 18. *Transparencia e bo goberno*

1. De conformidade coa Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, de protección civil do dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, e co disposto no artigo 9.4 do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, e de conformidade co artigo 17.3 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, non se procederá á publicidade destas axudas na páxina web da Secretaría Xeral da Emigración (<https://emigracion.xunta.gal>) e no *Diario Oficial de Galicia*, nin a relación das persoas beneficiarias nin o importe das axudas concedidas, porque a súa publicación podería ser contraria ao respecto e salvagarda da honra e intimidade persoal e familiar das persoas solicitantes.



2. Por outra parte, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitirase á Base de datos nacional de subvencións a información requirida por esta, o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto no *Diario Oficial de Galicia*.

#### Artigo 19. *Réxime de recursos*

1. Contra esta resolución cabe interpoñer de xeito potestativo recurso de reposición ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Así mesmo, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación, de acordo co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

2. As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que as ditou, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se esta for expresa. Se a resolución non for expresa, o recurso poderase interpoñer en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, de acordo co establecido na LPACAP.

Así mesmo, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se esta for expresa ou, no caso de que a resolución non sexa expresa, o recurso poderá interpoñerse desde o día seguinte a aquel en que se entenda producido o acto presunto.

Santiago de Compostela, 16 de maio de 2018

Antonio Rodríguez Miranda  
Secretario xeral da Emigración





**XUNTA DE GALICIA**  
 PRESIDENCIA  
 Secretaría Xeral da Emigración

**ANEXO I**

PROCEDEMENTO <b>AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL E PARA A REALIZACIÓN DE VIAXES POR RAZÓN DE INTERESE SOCIAL, ASISTENCIAL OU HUMANITARIO</b>		CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>PR935A</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
<b>DATOS DA PERSOA SOLICITANTE</b>			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF/PASAPORTE
TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA	NÚMERO BLOQUE	ANDAR PORTA
PAÍS	CP		
PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE	
TELÉFONO	TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO	
<b>E, NA SÚA REPRESENTACIÓN</b> (deberá acreditarse la representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF/PASAPORTE
<b>DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN</b>			
Notifíquese a: <input type="radio"/> Persoa ou entidade solicitante/comunicante/declarante <input type="radio"/> Persoa ou entidade representante			
Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir:			
TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO		
<b>ELECCIÓN DO MEDIO DE NOTIFICACIÓN PREFERENTE</b>			
As persoas obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coa Administración deberán optar, en todo caso, pola notificación por medios electrónicos, sen que sexa válida para elas nin produza efectos unha opción diferente.			
<input type="radio"/> <b>Electrónica</b> a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, <a href="https://notifica.xunta.gal">https://notifica.xunta.gal</a> . Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada.			
<input type="radio"/> <b>Postal</b> (cubrir o enderezo postal só se é distinto do indicado anteriormente)			
As notificacións que se practiquen en papel estarán tamén á disposición da persoa indicada anteriormente no Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para que poida acceder ao seu contido de forma voluntaria.			
TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA	NÚMERO BLOQUE	ANDAR PORTA
PARROQUIA	LUGAR		
CP	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE
<b>TIPO DE SOLICITANTE</b>			
<input type="checkbox"/> Emigrantes galegos/as e os/as seus/súas fillos/as que posúan a condición de galegos/as residentes no exterior, nas condicións establecidas no artigo 3.			
<input type="checkbox"/> Acompañante no caso de necesidade de asistencia de terceiras persoas.			
<b>DATOS DA UNIDADE FAMILIAR (1)</b>			
	NOME E APELIDOS	IDADE	PARENTESCO COA PERSOA SOLICITANTE
SOLICITANTE			
MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR			

(1) Deberán incluírse nesta parte todos os membros da unidade familiar nos termos do artigo 4.a) e b) da resolución.


**SEDE ELECTRÓNICA** Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora

CVE-DOG: fxmqdr9-auk2-ieo7-xmy8-peq0fke8pk2





**XUNTA DE GALICIA**  
 PRESIDENCIA  
 Secretaría Xeral da Emigración

**ANEXO I**  
 (continuación)

**DATOS ECONÓMICOS DA UNIDADE FAMILIAR**

	NOME E APELIDOS	PARENTESCO COA PERSOA SOLICITANTE	INMOBLES (2)	MOBLES (3)	TIPO DE (4) INGRESOS/RENDAS	CONTÍA TOTAL DE INGRESOS
SOLICITANTE						
MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR						

(2) Recibo do imposto que os grave ou contrato de compravenda.  
 (3) Certificacións bancarias.  
 (4) Pensións, salarios ...

**A PERSONA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:**

1. Que, en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales solicita esta subvención.  
 Solicitou e/ou concedéronse outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMOS	ANO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓN REGULADORA

2. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.  
 3. Non estar incurso/a en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.  
 4. Non estar incurso/a en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.  
 5. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

**DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE** (neste último caso presumirase que a consulta é autorizada)

<input type="checkbox"/> Anexo II debidamente cuberto e asinado (persoa acompañante e/ou membro da familia de acollemento en Galicia).			
<input type="checkbox"/> Documentación acreditativa da situación económica da persoa solicitante, así como da súa unidade económica familiar (artigo 8.1.3).			
<input type="checkbox"/> Documento acreditativo do estado de necesidade que fundamente a solicitude de axuda, que inclúa un orzamento detallado dos gastos necesarios para paliar a dita situación, emitido por organismo oficial (artigo 8.1.4).			
<input type="checkbox"/> Acreditación da cobertura pola Seguridade Social ou polo centro sanitario das prestacións sanitarias que se realizarán no territorio español (só no caso de solicitar prestacións sanitarias) (artigo 8.1.5).			
<input type="checkbox"/> Acreditación por parte da familia ou centro de acollida de facerse cargo da persoa beneficiaria da axuda (artigo 8.1.5).			
<input type="checkbox"/> Certificados expedidos por organismos oficiais que acrediten a necesidade de asistencia dunha terceira persoa durante a viaxe, no caso de solicitar persoa acompañante na viaxe (artigo 8.1.6).			
<input type="checkbox"/> Outra documentación xustificativa ou informes do estado de necesidade que fundamenten a solicitude de axuda, completen ou faciliten a graduación do estado de necesidade (artigo 8.1.7).			
	ÓRGANO	CÓD. PROC.	ANO
<input type="checkbox"/> Documento identificativo da persoa solicitante que posúa a nacionalidade española, ben sexa pasaporte español ou outro documento de identidade en que consten os seus datos persoais e a nacionalidade española (artigo 8.1.1.a).			
<input type="checkbox"/> Documentación acreditativa da orixe galega (artigo 8.1.2).			
<input type="checkbox"/> Certificado de inscrición no Rexistro de Matricula Consular ou outro documento oficial xustificativo que acredite a residencia continuada no exterior, no cal conste a dilixencia de inscrición no Rexistro de Matricula Consular (artigo 1.1.b).			



**XUNTA DE GALICIA**PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral da Emigración**ANEXO I**  
(continuación)**COMPROBACIÓN DE DATOS**

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.

 DNI da persoa solicitante, se é o caso.OPÓÑOME Á  
CONSULTA Documentación oficial acreditativa de que me atopo vinculado/a cun concello galego no Censo electoral de residentes ausentes

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación deste procedemento, cuxo tratamento e publicación autoricen as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro denominado Relacións administrativas coa cidadanía e entidades co obxecto de xestionar o presente procedemento, así como para informar as persoas interesadas sobre a súa tramitación. O órgano responsable deste ficheiro é a Secretaría Xeral da Emigración. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a Secretaría Xeral da Emigración, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: praza de Mazarelos, 15, 15703 Santiago de Compostela, A Coruña, ou a través dun correo electrónico a [emigracion@xunta.gal](mailto:emigracion@xunta.gal)

**LEXISLACIÓN APLICABLE**


Resolución do 16 de maio de 2018, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas de emerxencia social e para a realización de viaxes por razóns de interese social, asistencial ou humanitario, e se procede á súa convocatoria para o ano 2018 (código de procedemento PR935A).

**SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE**

Lugar e data

,  de  de 

Secretaría Xeral da Emigración

 SEDE ELECTRÓNICA Este formulario só poderá presentarse nas  
<https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora**XUNTA  
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

**ACOMPAÑANTE E/OU FAMILIA DE ACOLLEMENTO**

DATOS DA PERSOA ACOMPAÑANTE/REPRESENTANTE DA FAMILIA DE ACOLLEMENTO							
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF/PASAPORTE				
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>				
TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA	NÚMERO	BLOQUE	ANDAR	PORTA		
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		
PAÍS	CP						
<input type="text"/>	<input type="text"/>						
PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE				
<input type="text"/>	<input type="text"/>		<input type="text"/>				
TELÉFONO	TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO					
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>					

DATOS DA UNIDADE FAMILIAR DA PERSOA ACOMPAÑANTE E/OU FAMILIA DE ACOLLIDA (1)			
	NOME E APELIDOS	IDADE	PARENTESCO COA PERSOA ACOMPAÑANTE
	ACOMPAÑANTE/MEMBRO DA FAMILIA DE ACOLLEMENTO		
MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

(1) Deberán incluírse nesta parte todos os membros da unidade familiar nos termos do artigo 4.a) e b) da resolución.

DATOS ECONÓMICOS DA UNIDADE FAMILIAR DA PERSOA ACOMPAÑANTE E/OU FAMILIA DE ACOLLIDA						
	NOME E APELIDOS	PARENTESCO COA PERSOA ACOMPAÑANTE	INMOBLES (2)	MOBLES (3)	TIPO DE (4) INGRESOS/RENDAS	CONTÍA TOTAL DE INGRESOS
	ACOMPAÑANTE/MEMBRO DA FAMILIA DE ACOLLIDA					
MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

(2) Recibo do imposto que os grave ou contrato de compravenda.  
 (3) Certificacións bancarias.  
 (4) Pensións, salarios ...

CVE-DOG: fxmqdtr9-auk2-ieo7-xmy8-peq0fkb8pk2







**XUNTA DE GALICIA**  
PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral da Emigración

**ANEXO II**  
(continuación)

**A PERSONA ACOMPAÑANTE E/OU A PERSOA REPRESENTANTE DA FAMILIA DE ACOLLIDA DECLARA:**

1. Que, en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales solicita esta subvención.
- Solicitou e/ou concedéronlle outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMOS	ANO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓN REGULADORA

2. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.

3. Non estar incurso/a en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

4. Non estar incurso/a en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

5. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

**DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA**

- Documentación acreditativa da identidade e nacionalidade da persoa acompañante e/ou representante da familia de acollida en Galicia (art. 8.1.1).
- Documentación acreditativa da situación económica da persoa acompañante e/ou familia de acollemento en Galicia, así como da súa unidade económica familiar (art. 8.1.3).

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación deste procedemento, cuxo tratamento e publicación autoricen as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro denominado Relacións administrativas coa cidadanía e entidades co obxecto de xestionar o presente procedemento, así como para informar as persoas interesadas sobre a súa tramitación. O órgano responsable deste ficheiro é a Secretaría Xeral da Emigración. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a Secretaría Xeral da Emigración, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: praza de Mazarelos, 15, 15703 Santiago de Compostela, A Coruña, ou a través dun correo electrónico a [emigracion@xunta.gal](mailto:emigracion@xunta.gal)

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

Resolución do 16 de maio de 2018, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas de emerxencia social e para a realización de viaxes por razóns de interese social, asistencial ou humanitario, e se procede á súa convocatoria para o ano 2018 (código de procedemento PR935A).

**SINATURA DA PERSOA ACOMPAÑANTE OU REPRESENTANTE DA FAMILIA DE ACOLLEMENTO**

Lugar e data

,  de  de



Secretaría Xeral da Emigración



**XUNTA DE GALICIA**

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

